

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES AGRA DE RAÍCES	Cee	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	PROBAS LIBRES

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CM0RET	Relaciós no equipo de traballo	2023/2024	0	55	66

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA TRASMONTE CASTIÑEIRA
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais e criterios de avaliação

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

##### Capacidades terminais elementais do currículo

- CTE1- Describir as diferentes vías e sentidos da comunicación no ámbito laboral que permitan recibir e transmitir instruccións e información.
- CTE2- Utilizar de maneira eficaz as técnicas de comunicación orais e escritas.
- CTE3- Analizar as relacións humanas en xeral e as relacións humanas no ámbito laboral ou relacións laborais en particular.
- CTE4- Impulsar o proceso de motivación e analizar a súa influencia no clima laboral.
- CTE5- Integrarse nun equipo de traballo unificando e coordinando as necesidades do grupo nuns obxectivos, políticas e/ou directrices predeterminadas.
- CTE6- Participar e/ou moderar reunións, colaborando activamente ou conseguindo a colaboración dos participantes.
- CTE7- Analizar os conflitos e resolver, no ámbito das súas competencias, problemas que se orixinan no contorno dun grupo de traballo.

#### 2.1.2. Criterios de avaliação que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

##### Criterios de avaliação

- Describiríronse as etapas, técnicas, canles e redes dun proceso de comunicación.
- Analizáronse os procedementos de control de entrada e saída de documentación e información.
- Identificáronse as alteracións producidas na comunicación dunha mensaxe, na que existe disparidade entre o emitido e o percibido.
- Describiríronse as diferentes formas e tipos de envío de información e documentación.
- Describiríronse as fases que componen unha entrevista persoal con fins publicitarios.
- Describiríronse as características persoais que inflúen nas relacións humanas.
- Identificáronse as teorías das relacións laborais.
- Analizouse a actitude humana ante o traballo.
- Analizouse como afecta a relación humana aos resultados da empresa.
- Detectouse o proceso de motivación tomando exemplos da realidade.
- Identificáronse as diferenzas entre as principais teorías sobre a motivación.
- Identificáronse e diferenciáronse os factores que contribúen á creación dun clima laboral positivo dos que xerarían un clima laboral negativo.
- Procurouse información referida á formación e funcionamento de grupos e analizouse.
- Identificáronse as pautas de conduta que deben adoptar os participantes dun grupo de traballo e dun equipo de traballo.
- Diferenciáronse os estilos de dirección e teorías do liderado.
- Analizáronse e comparáronse as funcións de dirección e as de liderado, tendo en conta o tipo de autoridade que se exerce.
- Identificouse o papel e competencias do mando intermedio.
- Valoráronse as vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo, do traballo en grupo e do traballo individual.
- Expuxéronse as ideas propias de maneira clara e concisa nunha reunión.
- Citáronse e explicáronse as técnicas para a dinamización de grupos.



Describiuse a tipoloxía de participantes dunha reunión.
Identifícaranse os problemas, factores e causas que xeran un conflito.
Discrimináronse entre datos e opinións.
Distinguíronse as diferentes posturas e intereses que poden existir entre os traballadores e a dirección dunha organización.
Presentouse de forma clara e ordenada o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
Seleccionouse a estratexia de negociación máis axeitada segundo os obxectivos prefixados.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo
CTE1- Describir as diferentes vías e sentidos da comunicación no ámbito laboral que permitan recibir e transmitir instrucións e información.
CTE2- Utilizar de maneira eficaz as técnicas de comunicación orais e escritas.
CTE3- Analizar as relacións humanas en xeral e as relacións humanas no ámbito laboral ou relacións laborais en particular.
CTE4- Impulsar o proceso de motivación e analizar a súa influencia no clima laboral.
CTE5- Integrarse nun equipo de traballo unificando e coordinando as necesidades do grupo nuns obxectivos, políticas e/ou directrices predeterminadas.
CTE6- Participar e/ou moderar reunións, colaborando activamente ou conseguindo a colaboración dos participantes.
CTE7- Analizar os conflitos e resolver, no ámbito das súas competencias, problemas que se orixinan no contorno dun grupo de traballo.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Analizáronse os procedementos de control de entrada e saída de documentación e información.
Identifícaranse as alteracións producidas na comunicación dunha mensaxe, na que existe disparidade entre o emitido e o percibido.
Elaboráronse documentos a partir de datos concretos.
Utilizáronse as diferentes formas e tipos de envío de información e documentación.
Analizouse a actitude humana ante o traballo.
Analizouse como afecta a relación humana aos resultados da empresa.
Detectouse o proceso de motivación tomando exemplos da realidade.
Identifícaranse os factores que contribúen á creación dun clima laboral positivo dos que xerarían un clima laboral negativo.
Identifícaranse as pautas de conduta que deben adoptar os participantes dun grupo de traballo e dun equipo de traballo.
Analizáronse e comparáronse as funcións de dirección e as de liderado, tendo en conta o tipo de autoridade que se exerce.
Identificouse o papel e competencias do mando intermedio.
Valoráronse as vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo, do traballo en grupo e do traballo individual.
Expuxéronse as ideas propias de maneira clara e concisa nunha reunión.
Aplicáronse as técnicas para a dinamización de grupos.



Simulouse o desenvolvemento dunha reunión de traballo sobre un problema laboral.

Identifícaranse os problemas, factores e causas que xeran un conflito.

Discrimináronse entre datos e opinións.

Distinguíronse as diferentes posturas e intereses que poden existir entre os traballadores e a dirección dunha organización.

Presentouse de forma clara e ordenada o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.

Seleccionouse a estratexia de negociación máis axeitada segundo os obxectivos prefixados.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliação recollidos na presente programación didáctica son mínimos exigibles.

Criterios de cualificación:

- **Primeira parte da proba:** proba escrita teórica combinada de preguntas tipo test, de relacionar, de verdadeiro/falso e/ou preguntas curtas. Esta proba é eliminatoria, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos e para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- **Segunda parte da proba:** proba práctica que só poderán realizala aquelas persoas que superaran a primeira parte da proba (proba teórica). Esta proba también é eliminatoria, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos e, para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos sobre dez. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte da proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, sempre que cada unha das partes sexan superadas cunha puntuación de cinco ou superior sobre dez. Esta cualificación final será expresada en números enteros, redondeada á unidade más próxima en caso de ser un resultado con decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliação poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que levan a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ((copiar, empregar teléfonos móbiles ou reloxo dixital, etc) ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións durante a realización das probas. Neste caso, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Para o acceso ás aulas onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (teléfono móvil, reloxos intelixentes, etc), o uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión da proba.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvimento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ten como finalidade a avaliação dos criterios teóricos recollidos no epígrafe 2.1.2 desta programación.

Consistirá nunha proba escrita combinada de preguntas tipo test, de verdadeiro/falso, de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes nas que se tratarán unha mostra suficientemente significativa dos CA sinalados na presente programación.

- Preguntas tipo test: terán catro ou cinco posibles opcións, das cales só unha será a correcta. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de verdadeiro falso: hai que xustificar as falsas, se non se xustifican non contarán. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes: cada resposta correcta suma un punto, as respostas incorrectas e as non contestadas non suman nin restan.

A proba irá acompañada dunha plantilla de respuestas, só se corrixirán as respostas recollidas na plantilla de respuestas. Escribirase con letra clara e flexible, as respostas non lexibles ou dubidosas consideraranse incorrectas.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba teórica será de noventa minutos.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se poderá saír ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestiós debidamente xustificadas, só se permitirá dita saída sendo acompañada por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda parte da proba ten como finalidade a avaliação dos criterios más procedementais do módulo, recollidos no epígrafe 2.2.2 desta programación.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A proba consistirá en resolver casos prácticos en papel e/ou ordenador.

O valor de cada pregunta ou suposto práctico irá expresado na propia proba. Para a corrección desta parte, o/a profesor/a poderá emplegar lista de cotexo, rúbrica e/ou plantilla de respuestas. A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba práctica será de noventa minutos.

Para a realización da proba será necesario un bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector. No caso de precisar calculadora e/ou ordenador, será aportado polo/a profesor/a.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa.

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se podrá saír da aula ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestiós debidamente xustificadas, só se permitirá a saída fora da aula acompañado por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.